

PROXECTO DE ORDE do....dede 2020 pola que se modifica a Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A) (*Diario Oficial de Galicia* núm.50, do 13 de marzo).

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendeu e interrompeu os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, establecendo que o cómputo dos prazos se reanudará no momento en que perda vixencia o citado Real Decreto ou as prórrogas do mesmo.

Sucesivas prórrogas do estado de alarma, a derradeira declarada polo Real Decreto 492/2020, do 24 de abril, amplía a interrupción dos prazos ata ás 00.00 horas do próximo 10 de maio de 2020, polo que o inicio do prazo de solicitudes para participar no procedemento selectivo sería, no mellor dos casos, o 11 de maio de 2020. Isto fai inviable a realización de todos os trámites administrativos necesarios para que as probas selectivas puideran iniciarse a finais do próximo mes de xuño e obriga a adiar o inicio do desenvolvemento do probas selectivas ao mes de xuño do ano 2021.

Como consecuencia, resulta necesario modificar determinados apartados da orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A).

En consecuencia, esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

ACORDA

Modificar os apartados da Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de

ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A), que a continuación se relacionan e que quedan redactados do seguinte xeito:

O apartado 7.4 queda redactado como segue:

7.4. Tribunais suplentes

Para cada tribunal designaranse polo mesmo procedemento, cando sexa posible, dous tribunais suplentes. A presidencia suplente unicamente se designará no tribunal suplente número 1.

O apartado 7.5 queda redactado como segue:

7.5. Sorteio público

O sorteo público terá lugar no día que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, ás nove horas, na Sala de Xuntas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. O sorteo poderá ser seguido por medios telemáticos polas organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

O apartado 8.1 queda redactado como segue:

As persoas que non poidan acreditar o coñecemento do castelán de acordo co establecido na subepígrafe 3.2.1.d) deberán realizar unha proba, na cal se comprobará que posúen un nivel adedcuado de comprensión escrita desta lingua. A proba de acreditación do coñecemento do castelán terá lugar no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo, 5, Santiago de Compostela), o día e a hora que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e que se publicará na páxina web da consellería.

O terceiro parágrafo do apartado 9.1 queda redactado como segue:

Esta proba, que se le levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura como anexo V e nunha tradución do castelán ao galego. A proba terá lugar no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo 5, Santiago de Compostela), o día e a hora que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e que se publicará, na páxina web da consellería

O apartado 10.1 queda redactado como segue:

10.1. Comezo

O procedemento selectivo dará comezo o día que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, **no** mes de xuño do ano 2021, e que se fará público con, polo menos, cinco días hábiles de antelación, na páxina web da consellería.

O primeiro parágrafo do apartado 10.7 queda redactado como segue:

O acto de presentación de asistencia obrigatoria para todas as persoas aspirantes dos procedementos selectivos celebrarase o día que determine a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e ue se fará público con, polo menos, cinco días hábiles de antelación, na páxina web da consellería. Este acto de presentación, que terá lugar con posterioridade á realización das probas de coñecemento do castelán e da lingua galega, ten carácter personalísimo e, en consecuencia, non se admitirán acreditacións nin poderes de representación.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

De conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10, 14 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou poderá formularse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ... dede 2020

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional